

INMIGRANTES

Día 24 de outubro de 2005

Esta tempada estanse a producir numerosos intentos para entrar en España a través das cidades de Ceuta e Melilla. Os inmigrantes tentan facer grandes aglomeracións para saltar o balado de arame que separa o territorio español do marroquí. Fan escaleiras moi rudimentarias co pouco que poden conseguir para lanzarse na súa odisea e esperar ter sorte no intento de traspasar a fronteira. Esta práctica realízana miles de inmigrantes, pero a maioría non o consegue. Esta maioría refúxíase nos montes próximos á fronteira para volvelo intentar ao día seguinte, e así día tras día. Ultimamente saltou unha nova sorprendente referida a estes inmigrantes que quedaban na fronteira, o goberno marroquí montábaos en autobuses e supostamente devolvíaos ao seu lugar de orixe, pero ¿que facía realmente? Segundo se sabe polos medios de comunicación, o goberno marroquí levaba os inmigrantes ao deserto do Sahara e abandonábaos alí sen nada, á súa sorte.

O goberno de España decidiu levantar até os 6 metros o balado de arame e pór máis vixilancia militar para así solventar o problema, ou polo menos ante os nosos ollos.

Isto non pode ser! Só nos preocupamos do que nos toca directamente. Preocúpanos moito que os inmigrantes non entren no " noso país", e que tenten mellorar unha vida chea de

miseria e pobreza. Preocupámonos porque veñan aquí e tenten levar unha vida digna e non ter por que pasar fame e malos tratos. É dicir preocupámonos porque alguén faga o que se viron obrigados a facer moitos dos noso devanceiros, pero claro, como agora nós non temos fame, non somos torturados, non vivimos en condicións inhumanas...que máis dá!!!

Pois iso, preocupámonos moito de que non entren ou de botalos cando xa están dentro, pero nada nos preocupa o que acontece no seu país, como son tratados nin como viven. Pero iso, que importa!? corremos "un tupido veo" (ou un valado de arame...) e ala! "ollos que non ven, corazón que non sente", o importante non é solventar o problema nin axudar a facelo nin nada..., o importante é tapalo e nós tan tranquiliños, que aquí non pasa nada! Que morren de fame ou dos golpes? , éme igual, a min non me toca!

Isto non pode ser! Non é posíbel que mentres están sendo abandonados no deserto autobuses cheos de inmigrantes, sen nada, destinados a morrer, nós nos quedemos vendo esta noticia tirados no sofá sen sentir



nada, sen darnos conta do que está pasando, sen mostrar a nosa desconformidade! Que vexamos que nun país veciño se pasan por alto os dereitos humanos e nós non digamos nada!, até parece que estamos conformes con iso!

Imaxino que ninguén o estará, así que cando vexamos unha nova dese tipo non só debemos pensar en nós porque no mundo hai máis xente! En lugar de preocuparnos só de botalos ou non deixalos pasar debemos preocuparnos tamén da súa vida e valorar todo. E, en lugar de quedar sentados como se nada, debemos mostrar a nosa desconformidade contra estas inxustizas! Eu non podo ocultala, e ti?

MARCOS SÁNCHEZ CARRICOBIA B
1º A